

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 17-09-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude
Profesional (CAP)**


Mercadorías

17/09/2025

16:00 h

-GALEGO-

MODELO A



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 17-09-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

1. Que establece o convenio CMR?

- a) As condicións de realización dos transportes internacionais de mercadorías por estrada.
- b) As condicións de realización dos transportes internacionais de viaxeiros por estrada.
- c) A regulación do transporte internacional de mercadorías e de viaxeiros.
- d) Os sistemas de control policial na estrada.

2. O acordo ATP non establece como categoría de vehículo de temperatura controlada o vehículo:

- a) isotermo.
- b) frigorífico.
- c) calorífico.
- d) cisterna.

3. Considérase transporte internacional de mercadorías aquel cuxo itinerario discorre:

- a) polo menos parcialmente polo territorio de dous Estados estranxeiros.
- b) totalmente polo territorio dun Estado estranxeiro.
- c) polo menos parcialmente polo territorio de tres Estados estranxeiros.
- d) polo menos parcialmente polo territorio dun Estado estranxeiro.

4. A deriva do pneumático dun camión depende da:

- a) forza termodinámica.
- b) forza segmentaria cónica.
- c) forza motriz.
- d) carga do vehículo.

5. Que se produce cando a velocidade angular ou de xiro da roda non coincide coa velocidade lineal do camión?

- a) O esvaramento.
- b) A deriva.
- c) O abalo.
- d) A guiñada.

6. Que se pode observar no círculo de Kamm?

- a) Que, se a forza total equivale á forza de freado, a roda desbloquéase e é posible controlar a dirección do camión.
- b) Que, se a forza total equivale á forza de freado, a roda bloquéase e non é posible controlar a dirección do camión debido á falta de forza de guiado lateral.
- c) Que, se a forza total é moito maior que a forza de freado, a roda circula libremente sen bloqueos.
- d) Que, se a forza total equivale á forza de freado, a roda bloquéase e a dirección do camión contrólase perfectamente.

7. Como se denomina á caixa de cambios?

- a) Caixa de velocidades.
- b) Caixa primaria.
- c) Caixa secundaria.
- d) Caixa de embrague.

8. A que afecta a incorrecta distribución da carga?

- a) Á estabilidade do vehículo.
- b) Ao peso específico da carga.
- c) Ao centro de gravidade da carga.
- d) Á forza termotecnia lateral.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 17-09-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

9. A Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres considera a actividade de almacenista-distribuidor como:

- a) unha actividade independente do transporte.
- b) unha actividade auxiliar e complementaria do transporte.
- c) unha actividade substitutiva do transporte.
- d) Esta lei non contempla esa actividade, regúlase por outras normas.

10. Ten a consideración de transporte internacional un transporte de mercadorías entre Xirona e San Sebastián a través de Francia?

- a) Non, porque a orixe e o destino atópanse dentro do mesmo país.
- b) Non, porque a normativa aplicable, en caso de incidencia no transporte, sería sempre a mesma.
- c) Si, porque transcorre parcialmente por un Estado estranxeiro.
- d) Si, porque un transporte entre diferentes Comunidades Autónomas ten a consideración de transporte internacional.

11. É necesaria autorización de transporte para a realización dun transporte de diñeiro nun vehículo blindado especialmente acondicionado para iso?

- a) Si, sempre.
- b) Non, en ningún caso.
- c) Si, cando o transporte supere o ámbito dunha comunidade autónoma.
- d) Si, agás se se trata de transporte urbano.

12. En España, hai que formular declaración aduaneira para a importación de mercadorías procedentes de Ceuta ou Melilla?

- a) Si.
- b) Non.
- c) Só para a importación de produtos electrónicos.
- d) Só cando a mercadoría está producida ou fabricada fóra do Estado español.

13. A xunta xeral de accionistas quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando os accionistas presentes ou representados posúan, polo menos,:

- a) o 75 % do capital subscrito con dereito de voto.
- b) o 60 % do capital subscrito con dereito de voto.
- c) o 50 % do capital subscrito con dereito de voto.
- d) o 25 % do capital subscrito con dereito de voto.

14. Que datos deben figurar no documento de control administrativo de transportes de mercadorías?

- a) Os contidos no libro de ruta.
- b) O nome do cargador contractual e do transportista efectivo.
- c) A indicación da dirección á que dirixir as reclamacións.
- d) Todas as respostas son correctas.

15. Como se denomina o documento común a todos os Estados membros da Unión Europea que autoriza a realizar transporte internacional dentro do seu ámbito?

- a) Permiso comunitario.
- b) Tarxeta de transporte da Unión.
- c) Licenza comunitaria.
- d) Autorización comunitaria.

16. A actividade de transporte de mercadorías por estrada orixina unha serie de consecuencias negativas que soporta a sociedade no seu conxunto. Sinala a que non proceda.

- a) Accidentes.
- b) Desemprego.
- c) Contaminación.
- d) Conxestión viaria.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 17-09-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

17. Que se entende por subviraxe nunha curva tomada por un camión?

- a) A traxectoria real é máis aberta que a que debería realizar.
- b) A traxectoria real é máis pechada que a que debería realizar.
- c) A traxectoria do camión cando cambia de carril.
- d) O envorco do camión ao tomar a curva freando.

18. Cando existe un único contrato co cargador e interveñen de forma sucesiva varios carrexadores, estamos a falar dunha operación de transporte:

- a) multimodal.
- b) extensivo.
- c) sucesivo.
- d) conxunto.

19. No movemento dun camión

- a) non son aplicables os pares das rodas e pares de inercia.
- b) intervén a forza de molaridade.
- c) non é aplicable a forza da atracción terrestre.
- d) intervén a resistencia aerodinámica ou resistencia do aire.

20. Que se debe comprobar para saber se se pode transportar unha determinada cantidade de mercadorías?

- a) A masa da mercadoría usando o teorema de Kant para comprobalo.
- b) Que o vehículo dispoña dunha carga útil suficiente para a cantidade de mercadorías que vai transportar.
- c) Comprobar, mediante unha simulación con paquetes definidos para tal fin, que o vehículo dispón do espazo suficiente.
- d) Realizar un cálculo da masa substancial da carga.

21. Como se denomina o transporte efectuado a través dun país sen tomar nin deixar mercadorías no mesmo?

- a) Triangular.
- b) Liberalizado.
- c) Irregular.
- d) En tránsito.

22. No caso dun transporte efectuado en réxime de tránsito da Unión, como se determina o itinerario da viaxe ata a aduana de destino?

- a) É completamente libre, elíxese cada operador á súa vontade.
- b) Salvo que o fixen as autoridades aduaneiras, é de elección libre para o operador, pero débese utilizar un traxecto que estea xustificado desde o punto de vista económico.
- c) Fíxase sempre a aduana de partida.
- d) Fíxase sempre a aduana de destino.

23. Que estatuto aduaneiro teñen as mercadorías non pertencentes á Unión unha vez que foron despachadas a libre práctica?

- a) Adquiren o estatuto de mercadorías da Unión.
- b) Adquiren o estatuto de mercadorías expedidas.
- c) Adquiren o estatuto de mercadorías importadas.
- d) Manteñen o estatuto de mercadorías non pertencentes á Unión.

24. Que debe figurar necesariamente na denominación dunha sociedade de responsabilidade limitada?

- a) A indicación "Sociedade Limitada".
- b) As letras "S.L."
- c) As letras "S.R.L."
- d) Todas son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 17-09-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

25. Como se denomina ao acordo entre dous países para regular as condicións de transporte entre ambos?

- a) De cabotaxe.
- b) Multilateral.
- c) Bilateral.
- d) Convenio paritario.

26. Como é coñecido tamén o control electrónico do sistema de freado?

- a) Electronically controlled brake system (EBS).
- b) Electronic brake variation (EBV).
- c) Brake assistance system (BAS).
- d) Electronic stability program (ESP).

27. Como son os valores de par e potencia que aparecen nas especificacións técnicas indicadas polo fabricante do vehículo?

- a) Mínimos.
- b) Medios.
- c) Incrementados.
- d) Máximos.

28. Que é o primeiro que debemos facer en caso de accidente?

- a) Axudar ás vítimas.
- b) Solicitar axuda especializada.
- c) Preservar a seguridade da zona do accidente.
- d) É igual.

29. No transporte privado complementario de mercadorías non é necesaria a autorización administrativa se o vehículo non supera unha MMA de:

- a) 4 toneladas.
- b) 3,5 toneladas.
- c) 3 toneladas.
- d) 2 toneladas

30. En presenza dun accidente de tráfico, ao solicitar axuda especializada:

- a) avisarase a través dos postes SOS ou chamando ao 112.
- b) identificarase o lugar e os feitos ocorridos.
- c) comunicarse o número de feridos e o estado en que se atopan.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

31. Ao tomar medicamentos:

- a) podemos circular normalmente, sen preocupación.
- b) debemos informarnos dos efectos secundarios que poden producir.
- c) favorecemos a atención do condutor.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

32. Os movementos rutineiros e repetidos de subir ou baixar do vehículo:

- a) pódense converter en motivo de lesións.
- b) pódense converter en motivo de accidentes.
- c) non é necesario realízalos con precaución.
- d) As respostas A e B son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 17-09-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

33. Nun accidente de circulación, se hai feridos graves, os condutores doutros vehículos que acudan no seu auxilio:

- a) deben exercer movementos intensos sobre os feridos para que se reanimen.
- b) deben trasladar aos feridos urxentemente nos seus vehículos ao hospital máis próximo.
- c) non deben mover aos feridos, salvo perigo inminente de incendio, atropelo ou outra circunstancia similar.
- d) deben continuar a marcha para non entorpecer a circulación.

34. Cando se efectúa un descanso semanal reducido, o Regulamento (CE) 561/2006 obriga a compensar o tempo restante. Como debe realizarse esa compensación?

- a) Deberá tomarse a compensación antes de que finalice a semana en curso.
- b) Deberá tomarse a compensación xunto con outro período de descanso de, polo menos, nove horas.
- c) Compensarase cun descanso equivalente tomado nunha soa vez antes de finalizar a terceira semana seguinte á semana de que se trate.
- d) As respostas B e C son correctas.

35. Na declaración amigable de accidentes, poderanse anotar datos das testemuñas?

- a) Si.
- b) Non, salvo que houbese feridos.
- c) Non, salvo que fosen axentes da autoridade.
- d) Non, en ningún caso.

36. Ante unha emerxencia na estrada, débese socorrer aos feridos, protexer a zona e alertar aos servizos de auxilio. En que orde debe facerse?

- a) 1º Socorrer, 2º Protexer e 3º Alertar.
- b) 1º Protexer, 2º Alertar, 3º Socorrer.
- c) 1º Socorrer, 2º Alertar, 3º Protexer.
- d) A orde en que se actúe non é importante, pódese facer como se prefira.

37. En relación coas causas dos accidentes, a maioría destes:

- a) débense a fallos na organización do traballo.
- b) débense a defectos das ferramentas ou materiais.
- c) non se deben a unha causa única senón que son o resultado da confluencia de varias delas.
- d) débense ao comportamento inadecuado do traballador.

38. Cal dos seguintes non é un dos riscos principais da actividade do transporte?

- a) Accidentes de tráfico.
- b) Accidentes derivados do transporte de mercadorías perigosas.
- c) Accidentes en operacións de carga e descarga e de mantemento dos vehículos.
- d) Pancreatitis.

39. No caso de condutores profesionais, a que parte do corpo adoita afectar máis un asento deteriorado no posto de condución?

- a) Ao estómago.
- b) Á columna vertebral.
- c) Ao fígado.
- d) Ao ril.

40. Teñen as autoridades a posibilidade de suspender a autorización a unha empresa por incumprimento da normativa sobre tempos de condución e descanso?

- a) Si, sempre.
- b) Si, sempre que se trate dunha establecida nese Estado.
- c) Non, nunca.
- d) Si, pero só por cometer infraccións de tráfico.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 17-09-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

41. Ante unha situación de emerxencia, cal debería ser un dos criterios de actuación do condutor?

- a) Sempre se debe conservar a calma.
- b) As actuacións deben ter como primeiro obxectivo a preservación da seguridade de todas aquelas persoas que poidan verse afectadas (pasaxeiros, resto de usuarios da vía...).
- c) As actuacións non poden incrementar o desconcerto e a angustia dos afectados.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

42. Sinala que actuación pode formar parte dun procedemento de evacuación dun autobús:

- a) Asegurar o vehículo quitando a chave de aceso.
- b) Evacuar aos pasaxeiros mantendo a calma e a orde.
- c) Encher o parte de evacuación.
- d) As respostas A e B son correctas.

43. En relación co auxilio aos feridos dun accidente de tráfico, sinala cal das seguintes afirmacións é incorrecta:

- a) Se o ferido se atopa fóra do vehículo, unicamente débese movelo para protexer a súa integridade, por exemplo, no caso de que se atope exposto a risco grave de atropelo.
- b) Se algún ferido permanece dentro do vehículo e pódese atender alí mesmo, non se debe tentar sacalo ao exterior.
- c) A primeira actuación ante un ferido é sempre sacalo do lugar do accidente.
- d) Non debe moverse aos feridos, mesmo en caso de envorco, salvo perigo inminente de incendio ou outra circunstancia extrema.

44. Sinala a afirmación incorrecta:

- a) No impreso da declaración amigable de accidente, se o accidente ocasionase feridos, aínda que sexan leves, débese consignar o dato na casa correspondente.
- b) No impreso da declaración amigable de accidente débense anotar os datos correspondentes ás compañías aseguradoras, indicando, entre outros, o seu nome ou razón social, domicilio e número de póliza.
- c) A declaración amigable de accidente é válida aínda que non se teña subscrito o seguro de responsabilidade civil obrigatorio.
- d) No impreso da declaración amigable de accidente deben relacionarse os danos apreciados en cada un dos vehículos implicados no accidente.

45. Circulando por unha calzada nevada ou xead, pódese ver afectado perigosamente o control da dirección do vehículo?

- a) Si, en todo caso.
- b) Si, pero só cando o pavimento está mollado.
- c) Si, ao circular por unha banda sobre chan seco e polo outro sobre neve ou xeo.
- d) Non, en ningún caso.

46. Como se chaman os símbolos que aparecen en determinadas mensaxes da pantalla do tacógrafo dixital?

- a) Estiletes.
- b) Pictogramas.
- c) Códigos secretos.
- d) Sinais de actividades.

47. Cal é o principal propósito da declaración amigable de accidentes?

- a) Coñecer os danos producidos nun vehículo.
- b) Indemnizar canto antes aos prexudicados nun accidente de circulación.
- c) Coñecer a identidade dos responsables dun sinistro.
- d) Facilitar o labor da Administración de Xustiza e das compañías de seguros.

48. Que circunstancia propicia os atropelos por vehículos e maquinaria auxiliar?

- a) Deixar o vehículo perfectamente inmovilizado.
- b) Traballar sempre na zona que se ten habilitada.
- c) Usar a maquinaria asignada de conformidade ás regras estipuladas.
- d) Invasión de zonas de traballo restrinxido.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 17-09-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

49. Cal dos seguintes é un elemento básico nun servizo de transporte polo que se refire á súa influencia na percepción de calidade por parte dos clientes?

- a) Seguridade do vehículo.
- b) Integridade da carga.
- c) Desenvolvemento completo do traxecto.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

50. Cal é a función principal do ABS?

- a) Evitar o bloqueo das rodas do vehículo, diminuindo o risco á derrapaxe.
- b) Mellorar o seguimento da traxectoria do vehículo.
- c) Aumentar a presión de freado durante unha freada de urxencia.
- d) Regular a freada entre o eixo dianteiro e o traseiro.

51. De que depende a potencia de freado do retardador hidráulico?

- a) Do rozamento magnético.
- b) Da enerxía do aceite circulando.
- c) Da enerxía do vapor circulando.
- d) Do rozamento mecánico.

52. Que consecuencias ten a somnolencia sobre a conducción?

- a) Diminución do tempo de reacción.
- b) Aumento da concentración.
- c) Alteración das funcións sensoriais.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

53. Que tipo de ralentizador basea o seu funcionamento na enerxía que lle confire un aceite?

- a) O freo eléctrico.
- b) O ralentizador hidrodinámico.
- c) O ralentizador de compresión.
- d) O ralentizador de expansión.

54. O ralentizador eléctrico

- a) regula a intensidade eléctrica que xera o alternador.
- b) regula a tensión eléctrica que xera o alternador.
- c) mantén constante a tensión eléctrica que sae da batería.
- d) utilízase para evitar o fenómeno "fading".

55. Das seguintes opcións, cal é unha das funcións do soño?

- a) Diminución do soño.
- b) Aumento do cansazo físico.
- c) Recuperación do desgaste.
- d) Aparición da sensación de cansazo.

56. Que efectos poden provocar os fármacos?

- a) Somnolencia.
- b) Fatiga muscular.
- c) Mareos.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 17-09-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

57. Se, nunha inspección na estrada, o controlador insire a súa tarxeta no tacógrafo dixital, pasa a modo:

- a) de funcionamento de taller.
- b) operativo se xa hai unha tarxeta de condutor.
- c) de estrada.
- d) de funcionamento de control.

58. Con que resolución, como mínimo, debe medir a distancia o tacógrafo dixital?

- a) 0,1 km.
- b) 1.000 km.
- c) 0,5 km.
- d) 2.000 km.

59. Que elemento permite aproveitar ao máximo a potencia do motor?

- a) A caixa de velocidades.
- b) O mecanismo cónico.
- c) O mecanismo diferencial.
- d) O embrague.

60. Como varía o par motor co número de revolucións do motor?

- a) O valor do par non varía co número de revolucións.
- b) Sempre aumenta proporcionalmente ao número de revolucións do motor.
- c) Inversamente proporcional ao número de revolucións.
- d) Segundo crece o número de revolucións, primeiro aumenta, alcanza o seu máximo e, despois, diminúe.

61. Entre outras, que característica vai definir no contarevolucións dun automóbil a zona económica do motor?

- a) A relación de compresión.
- b) O tamaño do embrague.
- c) O consumo específico.
- d) O tamaño do volante de inercia.

62. Que actuación é inadecuada como medida de aforro de carburante?

- a) Circular a un réxime medio de revolucións procurando que a variación de revolucións sexa o menor posible.
- b) No inverno, circular cunha presión de inflado dos pneumáticos superior á recomendada polo fabricante.
- c) Baixar as pendentas utilizando o motor como freo.
- d) Baixar as pendentas sen acelerar.

63. Que característica non inflúe á hora de determinar no contarevolucións dun automóbil a zona de menor consumo?

- a) O consumo específico.
- b) A potencia.
- c) O tipo de freos que monte: disco ou tambor.
- d) O par motor máximo.

64. O arrendamento de vehículos sen condutor para a realización de transporte de mercadorías por estrada?

- a) É unha actividade auxiliar e complementaria do transporte.
- b) É unha actividade mercantil non contemplada nas normas que regulan a ordenación do transporte por estrada.
- c) Unicamente se pode realizar se á vez se arrendan as autorizacións de transporte que amparan os devanditos vehículos.
- d) Só se ooden arrendar vehículos para realizar transportes privados de mercadorías.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 17-09-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

65. Cando un vehículo está en movemento, posúe unha enerxía cinética que será menor:

- a) canto maior sexa a súa masa.
- b) canto menor sexa a súa masa.
- c) canto maior sexa a súa altura.
- d) canto menor sexa a súa altura.

66. Dos factores que se indican, cal inflúe na enerxía cinética que posúe un vehículo en movemento?

- a) A súa velocidade.
- b) O seu volume.
- c) A súa anchura.
- d) O seu tamaño.

67. Que actuación é inadecuada para reducir o consumo de carburante dun automóbil?

- a) Deixar de acelerar con suficiente antelación deixando rodar o vehículo.
- b) Aumentar o número de revolucións do motor utilizando para iso unha relación de marchas adecuada.
- c) Utilizar a relación de marchas máis alta posible de forma que a agulla do contarevolucións se manteña na zona de máxima eficiencia do motor, xeralmente unha zona marcada de cor verde.
- d) Evitar aceleracións e freadas bruscos.

68. Cales son os efectos máis comúns que produce a cocaína na conducción?

- a) Sobrevaloración dos riscos.
- b) Conciencia dos riscos.
- c) Reacción ante os riscos.
- d) Minusvaloración dos riscos.

69. Un vehículo destinado exclusivamente a trasladar mercadorías dentro do recinto dun porto está:

- a) obrigado ao uso de tacógrafo dixital.
- b) obrigado ao uso de tacógrafo analóxico, polo menos.
- c) exento do uso de tacógrafo sempre que a Masa Máxima Autorizada non supere 12.000 kg.
- d) exento do uso de tacógrafo.

70. En que momento do día é máis habitual a presenza de xeo?

- a) Á noitiña.
- b) Á primeira hora da mañá.
- c) Ao mediodía.
- d) Ao redor das tres da madrugada.

71. O sistema electrónico ASR que regula a motricidade que chega ás rodas actúa:

- a) bloqueando o diferencial en caso de esvaramento dunha das rodas motrices.
- b) bloqueando a árbore de transmisión.
- c) bloqueando a árbore de levas.
- d) freando a roda que ten menor adherencia ao pavimento.

72. Cal é o factor que máis inflúe na imaxe de marca dunha empresa de transporte?

- a) A experiencia no mercado.
- b) A calidade.
- c) O prezo.
- d) O obxecto social da empresa titular da marca.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 17-09-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

73. Que se entende por competencia" na prestación dun servizo de transporte?"

- a) Experiencia e contactos.
- b) Capacidade para enmascarar un mal servizo.
- c) Coñecemento e habilidades necesarias para levalo a cabo correctamente.
- d) Transporte sen riscos.

74. Unha boa forma de aforrar carburante ao conducir un vehículo pesado é:

- a) circular cunha presión de inflado dos pneumáticos inferior á recomendada polo fabricante.
- b) esperar co motor arrincado sen circular ata que alcance a temperatura adecuada de funcionamento.
- c) seguir o mantemento que indique o fabricante do vehículo.
- d) acelerar en baleiro cando se arrinca o motor para que este alcance a temperatura adecuada no menor tempo posible.

75. No contarevolucións dun vehículo pesado existe unha zona marcada, xeralmente, de cor verde, que indica?

- a) É a zona de menor par motor.
- b) É a zona de menor consumo.
- c) É a zona de maior consumo.
- d) É a zona onde o motor afógase.

76. Que carga útil terá un vehículo de motor de dous eixos cunha MMA de 18.000 kg e unha tara de 8.000 kg?

- a) 8.000 kg.
- b) 10.000 kg.
- c) 9.000 kg.
- d) 7.000 kg.

77. Cantos puntos se perden no permiso de conducir por minorar os tempos de descanso obrigatorios para un condutor en máis dun 50%?

- a) Seis.
- b) Catro.
- c) Dous.
- d) Ningún, pois a responsable das infraccións á normativa de transporte é a empresa transportista.

78. Cal é unha medida de aforro equivocada?

- a) Circular cos cristais dos portelos subidos.
- b) Circular a velocidade moderada.
- c) Parar o motor cando se vaia a baixar unha pendente.
- d) Subir as pendentes procurando cambiar de marchas o menos posible.

79. Para aforrar no consumo de carburante, é conveniente no inverno reducir a presión de inflado dos pneumáticos?

- a) Si, para reducir o desgaste da banda de rodada.
- b) Si, xa que co frío a presión diminúe.
- c) Non, a presión debe ser a mesma no verán e no inverno.
- d) Variar a presión de inflado é un factor que non inflúe no consumo.

80. Nos motores dos automóviles actuais, cando o vehículo circula, hai engranada unha velocidade na caixa de cambios, non se pisa o pedal do acelerador e mantense o motor embragado, o consumo:

- a) será nulo.
- b) será igual que ao ralentí.
- c) será maior que ao ralentí.
- d) dependerá da relación de marchas engranada.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 17-09-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

81. O condutor dun vehículo pesado, ten a posibilidade de reducir o consumo de carburante do seu vehículo?

- a) Si, por exemplo, reducindo a presión de inflado das rodas traseiras.
- b) Si, por exemplo, reducindo o número de revolucións por minuto do motor.
- c) Só cando se trata de motores de gasolina.
- d) Non, porque o consumo é invariable en función da velocidade á que se circule.

82. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, a cobertura do seguro de subscrición obrigatoria non alcanzará os danos materiais ocasionados:

- a) Ao vehículo causante do accidente.
- b) Todas as respostas son correctas
- c) Aos bens dos que sexa titular o propietario do vehículo causante do accidente.
- d) Aos bens dos que sexa titular o condutor do vehículo causante do accidente.

83. Son iguais as revolucións do motor e das rodas?

- a) Si.
- b) Non.
- c) Só cando o par motor alcanza a máxima forza.
- d) Só cando as revolucións son moi baixas.

84. Dos seguintes medios de transporte por estrada, cal é o que se ve involucrado en menor número de accidentes?

- a) O autobús de liña regular.
- b) O autobús escolar.
- c) O vehículo de transporte de mercadorías de menos de 3.500 kg de MMA.
- d) O vehículo de transporte de mercadorías de máis de 3.500 kg de MMA.

85. Que pauta de actuación, en caso de incendio dun vehículo mentres se circula, é correcta?

- a) Tentar sufocar o lume co extintor.
- b) Evacuar o vehículo.
- c) Solicitar axuda coa radio ou o teléfono.
- d) Todas as actuacións anteriores son correctas.

86. Cal das actuacións indicadas é máis correcta para optimizar o consumo de carburante?

- a) Conducir cun vehículo moi potente.
- b) Circular en punto morto sempre que sexa posible.
- c) Circular sempre en marchas curtas.
- d) Evitar períodos de tempo nos que o motor estea ao ralentí.

87. Onde se atopa situado o ralentizador hidrodinámico do tipo "retárder"?

- a) No sistema de transmisión.
- b) No bloque motor.
- c) No cigüeñal.
- d) No colector de escape.

88. A calidade que percibe o cliente dunha empresa de transporte depende, entre outros elementos:

- a) do trato que recibe por parte do condutor.
- b) da situación xeral do mercado (prezos, competencia).
- c) da organización operativa da empresa.
- d) da formación académica do condutor.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 17-09-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

89. Unha característica da condución en zonas de conxestión do tráfico é

- a) a velocidade constante.
- b) os continuos arranques e detencións.
- c) o menor consumo medio de combustible.
- d) a rodaxe ao ralentí.

90. En zonas urbanas ou con conxestión do tráfico, é conveniente

- a) conducir con bastante anticipación.
- b) prever a realización de aceleracións e freadas.
- c) evitar as continuas reducións de marchas.
- d) Todas as respostas son correctas.

91. O sistema EDS (electronic differential system) é un elemento de seguridade:

- a) activa.
- b) activa e pasiva.
- c) pasiva.
- d) Non se considera elemento de seguridade ao non ser obrigatoria a súa instalación nos vehículos.

92. O TCS, Traction Control System, é un elemento de seguridade:

- a) pasiva.
- b) activa.
- c) activa e pasiva.
- d) Non se considera elemento de seguridade ao non ser obrigatoria a súa instalación nos vehículos.

93. Como pode afectar a división da atención do condutor ao buscar unha rúa manipulando o GPS?

- a) Supón un factor de distracción interno ao condutor.
- b) Supón un factor de distracción externo ao condutor.
- c) É un factor que pode afectar á fatiga, pero non provoca distracción.
- d) Non é un factor que afecte á condución en ningún caso.

94. Que se entende por "microsoño" ao falar de seguridade viaria?"

- a) Durmirse mentres se conduce durante un minuto ou máis tempo.
- b) Durmir menos de 5 horas a noite anterior a unha viaxe.
- c) Ter períodos de soño interrompidos a noite anterior a unha viaxe.
- d) Perder a consciencia da estrada durante un período de tempo moi breve.

95. O persoal ao servizo da Administración Pública pode ser vocal das Xuntas Arbitrais do Transporte?

- a) Non, son funcións incompatibles.
- b) Si, pode haber ata catro vocais que sexan empregados públicos.
- c) Si, pode haber ata dous vogais que sexan empregados públicos.
- d) Si, debe haber sempre polo menos un vogal que sexa empregado público.

96. Cal debe ser a posición que debe adoptar o condutor durante a condución?

- a) Os brazos non deben estar tensos.
- b) Os brazos non teñen que estar lixeiramente flexionados.
- c) Se é necesario, as mans deben cruzarse sobre o volante.
- d) As mans deben agarrar o volante con forza.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 17-09-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

97. Dos factores que se indican, cal debe ter en conta un condutor ao seleccionar a relación de marchas adecuada?

- a) Os medios de estiba da mercadoría.
- b) A distancia total do ruta.
- c) O número de revolucións do motor.
- d) A presión atmosférica.

98. Como se representan o par e a potencia graficamente para mostrar como varían as prestacións do motor en función das revolucións?

- a) Con curvas características.
- b) Con curvas de potencia media.
- c) Con liñas de aceleracións máximas.
- d) Con liñas técnicas normalizadas.

99. Cal das actuacións seguintes é correcta para reducir o consumo de carburante dun automóbil?

- a) Dar aceleracións rápidas para alcanzar a velocidade adecuada no menor tempo posible.
- b) Utilizar unha relación de marchas curta para aumentar a potencia.
- c) Aproveitar a inercia do vehículo rodando cunha marcha engrenada como forma de deceleración.
- d) Aumentar o número de revolucións do motor utilizando para iso unha relación de marchas adecuada.

100. Cal das accións seguintes non supón un aforro de carburante?

- a) Utilizar os freos convencionais en lugar do freo motor.
- b) Utilizar o freo do motor en lugar dos freos convencionais.
- c) Conducir o vehículo a baixas revolucións.
- d) Utilizar o máximo posible as marchas longas.

Preguntas de reserva (Só se corraxirán se o tribunal anula algunha das anteriores)
--

101. Que debe constar no Libro de rexistro de socios dunha sociedade de responsabilidade limitada?

- a) Os asistentes á xunta xeral.
- b) A identidade e domicilio dos titulares das participacións.
- c) A identidade e o tipo de responsabilidade asumido por cada socio.
- d) As delegacións de voto en relación coas xuntas xerais.

102. Para reducir o consumo de carburante dun vehículo pesado débense coñecer os factores que inflúen nel. Entre estes factores atópase:

- a) o tipo de bomba de inxección: lineal ou rotativa.
- b) o tipo de buxías que monte: frías ou quentes.
- c) o tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- d) o número de revolucións do motor.

103. Que factor non inflúe no consumo de carburante dun vehículo?

- a) O número de revolucións por minuto do motor.
- b) O perfil da estrada.
- c) A presión dos pneumáticos.
- d) O tipo de sistema de freado: hidráulico ou pneumático.

97. De los factores que se indican, ¿cuál debe tener en cuenta un conductor al seleccionar la relación de marchas adecuada?

- a) Los medios de estiba de la mercancía.
- b) La distancia total de la ruta.
- c) El número de revoluciones del motor.
- d) La presión atmosférica.

98. ¿Cómo se representan el par y la potencia gráficamente para mostrar cómo varían las prestaciones del motor en función de las revoluciones?

- a) Con curvas características.
- b) Con curvas de potencia media.
- c) Con líneas de aceleraciones máximas.
- d) Con líneas técnicas normalizadas.

99. ¿Cuál de las actuaciones siguientes es correcta para reducir el consumo de carburante de un automóvil?

- a) Dar aceleraciones rápidas para alcanzar la velocidad adecuada en el menor tiempo posible.
 - b) Utilizar una relación de marchas corta para aumentar la potencia.
 - c) Aprovechar la inercia del vehículo rodando con una marcha engranada como forma de deceleración.
 - d) Aumentar el número de revoluciones del motor utilizando para ello una relación de marchas adecuada.
100. ¿Cuál de las acciones siguientes no supone un ahorro de carburante?
- a) Utilizar los frenos convencionales en lugar del freno motor.
 - b) Utilizar el freno del motor en lugar de los frenos convencionales.
 - c) Conducir el vehículo a bajas revoluciones.
 - d) Utilizar lo máximo posible las marchas largas.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. ¿Qué debe constar en el Libro de registro de socios de una sociedad de responsabilidad limitada?

- a) Los asistentes a la junta general.
- b) La identidad y domicilio de los titulares de las participaciones.
- c) La identidad y el tipo de responsabilidad asumido por cada socio.
- d) Las delegaciones de voto en relación con las juntas generales.

102. Para reducir el consumo de carburante de un vehículo pesado se deben conocer los factores que influyen en él. Entre estos factores se encuentra:

- a) el tipo de bomba de inyección: lineal o rotativa.
- b) el tipo de bujías que monte: frías o calientes.
- c) el tipo de ralentizador que monte el vehículo.
- d) el número de revoluciones del motor.

103. ¿Qué factor no influye en el consumo de carburante de un vehículo?

- a) El número de revoluciones por minuto del motor.
- b) El perfil de la carretera.
- c) La presión de los neumáticos.
- d) El tipo de sistema de frenado: hidráulico o neumático.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Fecha: 17-09-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

89. Una característica de la conducción en zonas de congestión del tráfico es?

